

# MATRÍCULA 2021-2022

**PRAZO DO 21 DE XUÑO AO 8 DE XULLO DE 2021**

**PARA FACER A MATRÍCULA (solicitudes admitidas na listaxe de preinscricións).**

## 1. USUARIOS/AS CON ACCESO A INTERNET

**1.a: Acceder á páxina web do concello:** [www.concellodeames.gal](http://www.concellodeames.gal) ou á páxina [www.conciliames.org](http://www.conciliames.org) coa clave de usuario e contrasinal poderá consultar os datos existentes no departamento de educación, acceder á solicitude de preinscrición, premer no cadro MATRICULAR e cubrir o formulario. Opcionalmente pódese calcular o custo dos servizos. Este calculo será orientativo e quedará suxeito á comprobación do expediente por parte do departamento de educación. No caso de non ter as citadas claves poderá solicitálas desde a mesma páxina.

**1.b: Liquidar as taxas de renovación da matrícula:** Solicitar á Recadación Municipal, no enderezo electrónico [ames@canaltributos.com](mailto:ames@canaltributos.com), a autoliquidación de taxas para o(s) servizo(s) que vaia matricular (12,00 euros por servizo e neno/a).

É condición indispensable o pago das taxas para facer efectiva a matrícula..

### **1.c: Imprimir, asinar e presentar a solicitude de matrícula en rexistro xunto coa documentación indicada:**

Sexa cal sexa a opción elixida das que se ofrecen a continuación, só se poden presentar copias auténticas da documentación requirida. Para a comprobación de datos tributarios dos membros da unidade familiar é necesario que todos os membros da unidade familiar maiores de idade asinen a autorización de solicitude de datos tributarios á axencia tributaria do exercicio 2020, sinatura que no caso da opción 1 (rexistro telemático) terá que vir asinada electronicamente por todos os membros da unidade familiar maiores de idade salvo que, ao igual que nas outras dúas opcións, se presente unha copia auténtica<sup>1</sup> de dita autorización na que figuren as anteriores sinaturas.

**Documentación** a presentar que **non** conste no departamento de educación ou non esté debidamente actualizada:

- Libro de familia. No caso de ruptura da unidade familiar, documentación onde se recollan as medidas de garda, custodia e alimentos.
- Documento de identidade vixente do titular da conta bancaria indicada para a domiciliación dos recibos.
- Tarxeta sanitaria do/a neno/a
- Fotografía tamaño carné do neno/a (pegar na última folla da matrícula)

Opción 1: Rexistro telemático a través da sede electrónica do concello (<https://sede.concellodeames.gal/es/>)

Opción 2: Oficinas de asistencia en materia de rexistro do Concello de Ames ubicadas na casa do Concello en Bertamiráns e na oficina municipal do Milladoiro. Non será necesario solicitar cita previa para acudir a ditas oficinas e a atención en materia de rexistro farase por orde rigorosa de chegada. Deberanse respectar os aforos marcados dentro de cada unha das oficinas, esperando no exterior no caso de que dito aforo se sobrepase.

Opción 3: Calquera outro rexistro ao que se refira o artigo 16 da Lei 39/2015 do 1 de Outubro de Procedemento Administrativo Común das AAPP.

## 2. USUARIOS/AS QUE NON DISPOÑAN DE ACCESO A INTERNET

Poderán realizar os trámites 1-a e 1-b do apartado anterior no Departamento de Educación, situado no Pazo da Peregrina, ou no Milladoiro, para o que deberán solicitar unha cita no teléfono **981 891 476**.

No día e hora asignado para a cita, será necesario indicar o IBAN, o BIC, e os datos do/a titular da conta, para a domiciliación dos recibos coa finalidade de cubrir o impreso.

Aquelas persoas que desexen solicitar a **bonificación de taxas** para o curso 2021-2022, terán que presentar a solicitude cando formalicen a matrícula, e entregar a documentación que se requira segundo o caso. Poderá consultar a documentación necesaria nas páxinas web sinaladas anteriormente.

**Para que a matrícula sexa efectiva é condición indispensable estar ao día no pagamento dos servizos do Concello de Ames, e en xeral non ter débedas co Concello.**

**MÁIS INFORMACIÓN** NO DEPARTAMENTO DE EDUCACIÓN (PAZO DA PEREGRINA). TELF. 981.891.476 ou no correo electrónico [educacion@concellodeames.gal](mailto:educacion@concellodeames.gal)

**IMPORTANTE: NON MATRICULAR EN PRAZO SUPORÁ A PERDA DA PRAZA.**

1. Terán a consideración de **copia auténtica** dun documento público administrativo ou privado as realizadas, calquera que sexa o seu soporte, polos órganos competentes das Administracións Públicas nas que quede garantida a identidade do órgano que realizou a copia e o seu contido. As copias auténticas terán a mesma validez e eficacia que os documentos orixinais. (Artigo 27.2 LPAC)